

1. A “**Peña Cicloturista Castro Barbudo**”, en diante Peña, xunto co **Concello de Rianxo**, en diante Concello, organiza a “**XVII Subida ao Castro Barbudo**” que se celebrará o **domingo, 12 de junio de 2016** con saída dende Campo de pazos e chegada o Campo Maneiro ambos lugares da parroquia de Taragoña. A saída darase as **9:30 horas**.
2. A rota encadrase como proba de Cicloturismo-BTT sendo un exercicio físico con fines de ocio, turístico ou cultural, excluindo expresamente a competición.
3. Tódolos participantes consideraranse en excursión persoal, debendo aterse as normas do vixente código de circulación, considerándose persoalmente responsables das infraccións que cometan. Cabe resaltar que a circulación de vehículos e persoas non estará cortada polo que os participantes deben extremar a precaución en cruces coas estradas e zonas habitadas.
4. A idade mínima para poder participar na marcha, será de 18 anos. Os que teñan 16 anos ou mais, poderán participar cunha autorización asinada polo pai, nai ou titor.
5. A organización non se fai responsable de ningún accidente do que poida ser causa ou vítima o participante durante a marcha, como tampouco se fai responsable dos gastos ou débedas que puidera contraer durante o percorrido.
6. A actividade ten un seguro por participante de asistencia sanitaria ilimitada.
7. Será imprescindible para participar na marcha, o uso do casco.
8. So será considerado participante da “**XVII Subida ao Castro Barbudo**”, a persoa que cumprimente total e correctamente a inscrición mediante a páxina <http://emesports.es/>
9. As comunicacións realizaranse pola páxina da peña: www.castrobarbudo.com o polo facebook: <https://www.facebook.com/castrobarbudo>
10. O prezo da inscrición será de **12 €** para todos os participantes que deberá pagan no momento de facer a inscrición.
11. O límite máximo de participantes son **300**.
12. As inscricións consideraranse definitivas polo que, unha vez rematado o prazo de inscrición e no caso de non poder participar non se realizará a devolución do importe da mesma.
13. As inscricións abriranse o día **16 de maio de 2016** e pecharanse o día **9 de junio de 2016** ou cando a Organización o estime oportuno en función do número máximo de inscritos.
14. O participante coa súa inscrición manifesta encontrarse fisicamente apto para a proba.
15. Estableceranse puntos de control que estarán debidamente sinalizados onde se deberá pasar antes dunhas hora prefixada, en caso de superar os horarios a organización sinalará os camiños alternativos máis curtos que o principal.
16. Disporase dun avituallamento sólido dentro do percorrido da marcha e o final uns pinchos.
17. Haberá a disposición dos participantes un servizo de duchas e lavado de bicicletas o rematar a proba.
18. A Peña garante o pleno cumprimento da Ley Orgánica de Protección de Datos (LOPD), o inscrito queda informado e presta o seu consentimento para a incorporación dos seus datos os ficheiros automatizados existentes na Peña o tratamento dos mesmos para a súa utilización en relación con xestións administrativas ou comerciais. O inscrito pode exercer o seu dereito, mediante escrito dirixida a Peña, ó acceso, rectificación ou cancelación dos mesmos.
19. O feito de inscribirse na marcha, supón a aceptación do presente regulamento, e a renuncia a todos os dereitos contra a organización, sponsors e colaboradores, dos danos que poida sufrir no transcurso da mesma.